



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Convocatoria pública e bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro anualidade 2024

EXPEDIENTE: 2024/A002/000005 e 2024/G003/000714

Por Resolución de Alcaldía núm. 714/2024 de data 29.10.2024 acordouse realizar a convocatoria pública e bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro anualidade 2024 do Concello de Abegondo

ANEXO 1: CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO ANUALIDADE 2024

1. Normativa de aplicación

A presente convocatoria rexerese, ademais de polas disposicións recollidas nesta, polas bases reguladoras das subvencións municipais comprendidas na base 36 de execución do Orzamento Xeral 2024, que foi aprobado inicialmente na sesión celebrada polo Pleno deste concello o día 13 de xuño de 2024, publicado para exposición pública no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 115, do 14 de xuño do 2024.

Así mesmo, réxese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención

É obxecto das presentes bases regular a concesión mediante concorrencia competitiva, de axudas ás asociacións rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Abegondo e ás comisións de festas ou entidades organizadoras de festas nas parroquias do municipio, nas seguintes modalidades:

- Para actividades realizadas e/ou adquisición de equipamentos realizados polas asociacións no exercicio 2024 e que segundo os seus estatutos lles son propios.
- Celebración de festas patronais. Enténdense como tales as celebracións do día do patrón da parroquia.

3. Créditos orzamentarios

As subvencións que se concedan con cargo á presente convocatoria seranlles imputadas aos créditos previstos nas seguintes partidas:

- Subvencións asociacións: aplicación orzamentaria 334.48002 cunha dotación total de 10.000 €
- Subvencións para festas patronais: aplicación orzamentaria 338.48001 cunha dotación total de 5.700 €

4. Órgano competente

O órgano colexiado para os efectos do artigo 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, será a Comisión Avaliadora.

O órgano competente para a concesión das subvencións é o alcalde-presidente ou órgano no que delegue.

5. Requisitos dos solicitantes para solicitar a subvención

Serán requisitos da entidade para participar na presente convocatoria os seguintes:

- Actividades e/ou equipamentos das entidades:

Carecer de ánimo de lucro.

Estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, cun ano de antigüidade como mínimo no momento da petición da axuda.

Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Abegondo ou desenvolver actividades de interese para o Concello.

Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non ter solicitado ningunha outra subvención ao Concello de Abegondo para o mesmo fin.

b. Festas Patronais (comisións de festas e/ou entidades)

- Carecer de ánimo de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Abegondo.
- Ter presentada a comunicación da celebración das festas patronais no Concello de Abegondo.

Exclusións:

Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos da actividades (web, redes sociais, cartaces, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outra linguas.

6. Condicións

a. Cada asociación/ entidade poderá solicitar as dúas modalidades (actividade/equipamento e festas patronais)

O importe do conxunto de axudas ou subvencións concedidas polas distintas administracións públicas non poderá ser superior ao orzamento presentado da asociación.

b. O importe total da subvención solicitada non poderá superar o 80 % do gasto previsto.

c. Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención percibida en caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

d. Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos fiscalizadores públicos no exercicio das súas funcións.

e. A falta de presentación da documentación xustificativa no prazo previsto nas presentes bases supón a perda da subvención concedida.

7. Documentación

a. Actividade e/ou equipamento das entidades:

Deberá presentarse a solicitude e xustificación de gastos debidamente cuberta no modelo oficial establecido na convocatoria.

Memoria explicativa da actividade que se vai subvencionar tal como indica o modelo.

Indicación do emprego ou non da lingua galega na actividade da asociación.

Detalle do orzamento estimativo dos gastos.

Autorización para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesourería da Seguridade Social. No caso de non autorizar a consulta de datos deberá presentar os certificados correspondentes.

Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo (de non telo presentado con anterioridade ou se hai cambios).

Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación (de non telo presentado con anterioridade ou se hai cambios)

b. Festas patronais:

Se o solicitante está constituído como asociación deberá presentar a solicitude no modelo normalizado e que incluirá:

Descrición das festas patronais

Detalle do orzamento estimativo dos gastos.

Autorización para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesourería da Seguridade Social. No caso de non autorizar a consulta de datos deberá presentar os certificados correspondentes

Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo (de non telo presentado con anterioridade ou se hai cambios)

Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación (de non telo presentado con anterioridade ou se hai cambios)

Se o solicitante non está constituído como asociación deberá presentar a solicitude no modelo normalizado e que incluírá:

Descrición das festas patronais

Detalle do orzamento estimativo dos gastos.

Autorización para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesourería da Seguridade Social. No caso de non autorizar a consulta de datos deberá presentar os certificados correspondentes.

Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Escrito suscrito polos integrantes da comisión nomeando representante para os efectos de trámites administrativos e de recepción do importe da subvención

Certificado da conta bancaria a nome do representante da comisión designado para o cobro da subvención.

No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non terá a obriga de achegar:

- Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo.
- Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación (de non telo presentado con anterioridade ou se hai cambios)

8. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

a. As solicitudes formuladas polas persoas xurídicas deberán ser presentadas a través de medios electrónicos, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Abegondo <https://sede.abegondo.es/>, no Rexistro Electrónico Común <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>, ou nos lugares de presentación que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes e xustificación estará aberto ata o 15 de decembro de 2024 dende o día seguinte á publicación no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña do extracto da convocatoria de subvencións da Base Nacional de Subvencións.

b. Se a solicitude non comprendese algúns dos puntos previstos nos apartados anteriores, requiriráselle por escrito ao solicitante para que emende os defectos observados no prazo máximo de 10 días, quedando apercibido de que de non facelo así teráselle por desistido na súa petición e archivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

9. Resolución

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrencia competitiva, por Resolución da Alcaldía logo da proposta da Comisión Avaliadora, no prazo máximo de 3 meses desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

a. A Comisión Avaliadora estará composta por:

Presidente: José Antonio Santiso Miramontes ou concelleiro/a no/a que delegue

Vogal: María del Mar Carro López

Vogal: María Isabel Rodríguez López

Vogal: María Beatriz Fernández Vázquez

Secretario: José Antonio Varela Doval

b. Valoración das solicitudes

Actividades e equipamento das asociacións de tipo veciñal, cultural, recreativo, educativo,...

Atenderase aos seguintes criterios:

Interese municipal das actuacións: ata 13 puntos

Realización de actividades educativas, de formación e/ou dinamización veciñal: ata 5 puntos

Emprego da lingua galega: 2 puntos

Festas patronais

As solicitudes de festas que reúnan os requisitos percibirán unha subvención de importe ata 300 €.

c. Notificación/Publicación: unha vez resolta a convocatoria será notificada a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo <https://sede.abegondo.es/>

A publicación das resolucións neste procedemento substituirá as notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da Lei 39/2015.

d. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán presentarse os recursos que procedan.

10. Xustificación e pago

a. O prazo para a presentación da documentación xustificativa estará aberto ata o día 15 de decembro de 2024, realizándose a xustificación conxuntamente coa solicitude de axuda.

b. Os gastos xustificativos da subvención deben axustarse ás actividades solicitadas.

c. O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade subvencionada.

d. A cantidade concedida non poderá ser superior ao 80% da cantidade xustificada.

e. Se o importe da cantidade xustificada é inferior á cantidade que corresponda aplicando esta porcentaxe, a axuda reducirase proporcionalmente.

f. Documentación que debe presentar segundo os modelos normalizados:

Certificación na que se acredite que os gastos xustificados se realizaron nas actividades subvencionadas.

Certificación na que se acredite que o importe das axudas públicas ou privadas obtidas para a actividade subvencionada non supera o importe do gasto total que supuxo a actividade.

Certificación coa relación detallada dos gastos, indicando o número de factura, a data da factura ou documento equivalente, nome e CIF do proveedor, concepto, data do pagamento e importe.

Facturas emitidas á entidade ou documentos equivalentes correspondentes cos gastos realizados e xustificados.

Festas patronais:

No caso de que o solicitante estea constituído como asociación seralle de aplicación o exposto para estas.

No caso de que o solicitante non estea inscrito como asociación:

- Declaración xurada do representante na que se acredite que o gasto reflectido nestas se dedicou á actividade obxecto da subvención.
- Declaración xurada na que se acredite que o importe das axudas públicas ou privadas obtidas para a actividade subvencionada non supera o importe do gasto total que supuxo a actividade.
- Declaración coa relación detallada dos gastos, indicando o número de factura, a data da factura ou documento equivalente, nome e CIF do proveedor, concepto, data do pagamento e importe.
- Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas a nome do representante da comisión ou documentos equivalentes.

O pago realizarase no prazo dun mes desde a aprobación da xustificación.

11. Fin da vía administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o alcalde deste concello, no prazo dun mes que contará dende o día seguinte de recibir a notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña.

Disposición adicional

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas deben quedar incorporadas ao Rexistro Público de Subvencións.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O que asino aos efectos oportunos.

Abegondo, 31 de outubro de 2024

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2024/7698